

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**5296** *Real decreto 383/2011, do 18 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de reservistas das Forzas Armadas.*

A Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, establece que a incorporación adicional de cidadáns á defensa se apoiará no principio de contribución gradual e proporcionada á situación de ameaza que sexa necesario afrontar, xa que conseguir unha adecuada resposta ante situacións de crise ou conflitos armados pode requirir a achega de toda clase de recursos.

A derogada Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, xa consignaba a achega de recursos humanos para a defensa, ao definir os reservistas como os españois que poderían ser chamados a incorporarse ás Forzas Armadas para satisfacer as necesidades da defensa nacional, e clasificaba os reservistas en temporais, voluntarios e obrigatorios.

Posteriormente, a Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, creou a figura do reservista de especial dispoñibilidade, á cal poderían acceder os militares de tropa e mariñeiría cando finalicen os seus compromisos de longa duración, e establecía as condicións para a súa incorporación, cando sexan requiridos, ás Forzas Armadas.

Finalmente, a Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, concreta que o conxunto de reservistas susceptibles de incorporación ás Forzas Armadas en situacións de crise queda definido polos reservistas voluntarios, os reservistas de especial dispoñibilidade e os reservistas obrigatorios, adquirindo gran relevancia os primeiros. Neste sentido, representa un fito máis na implantación do modelo de reservista voluntario xa que, ao longo do seu articulado, proporciona un novo impulso ao desenvolvemento desta figura. Ademais, prevé a desaparición dos reservistas temporais e fai extensiva aos militares de complemento procedentes da Lei 17/1999, do 18 de maio, a posibilidade de adquirir a condición de reservista.

Por outro lado, para os militares de complemento e de tropa e mariñeiría que finalicen ou resolvan os seus compromisos, e con iso a súa relación profesional coas Forzas Armadas, e para os militares de carreira que renunciem á súa condición militar, ábrese unha nova posibilidade de continuaren vinculados ás Forzas Armadas mediante a adquisición da condición de reservista voluntario, cunhas áreas de traballo e unhas tarefas acordadas coa súa anterior condición militar.

En situacións de crise en que as necesidades da defensa nacional non poidan ser atendidas polos efectivos de militares profesionais, serán os reservistas voluntarios e os de especial dispoñibilidade os primeiros en incorporaren ás Forzas Armadas, para o cal, con carácter excepcional, o Consello de Ministros adoptará as medidas que considere oportunas. Se a evolución da situación fai prever que as ditas necesidades non se verán satisfeitas coas incorporacións nin cos efectivos que resulten das sucesivas convocatorias para acceso á condición de reservista voluntario, producirase a incorporación dos reservistas obrigatorios, para o cal o Consello de Ministros necesitará a autorización do Congreso dos Deputados.

Para dar resposta ás previsións de desenvolvemento regulamentario establecidas no título VI da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e no capítulo V da Lei 8/2006, do 24 de abril, no marco da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, con criterios de regulación unitaria e claridade sistemática, o regulamento estrutúrase en cinco capítulos, que teñen vocación de dar un tratamento normativo completo ao réxime dos reservistas definidos pola lexislación vixente.

O capítulo I, que contén as disposicións xerais, establece o obxecto e ámbito de aplicación do regulamento, a definición e clasificación dos reservistas; as competencias, o

alcance da situación de dispoñibilidade, a definición e o marco das asociacións de reservistas, así como o apoio aos empregadores de reservistas, aspecto este último de especial importancia para o bo funcionamento do modelo de reservistas establecido pola lei.

O capítulo II, dedicado ao reservista voluntario, determina en sete seccións a selección e a súa formación; a adquisición da condición e compromisos que pode formalizar; a perda de tal condición; os empregos e os destinos, e a forma en que deben ascender; as situacións e a súa activación; o seu réxime e tarefas; as diversas incorporacións; e, finalmente, os seus dereitos e deberes.

O capítulo III regula a adquisición, o réxime, a activación e a perda da condición do reservista de especial dispoñibilidade.

No capítulo IV conséntanse aspectos inherentes á condición de reservista obrigatorio, tales como a forma de determinar o número de efectivos e o trámite administrativo que se require ata a notificación da condición; as causas que permiten suspender a súa incorporación; a obxección de conciencia; a forma en que serán activados e formados; o réxime que lles resulta de aplicación; e o cesamento na condición militar do reservista obrigatorio.

Finaliza o regulamento co capítulo V, relativo ao réxime xurídico que ampara as actuacións derivadas da aplicación del.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de marzo de 2011,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de reservistas das Forzas Armadas.*

Apróbase o Regulamento de reservistas das Forzas Armadas, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición adicional única. *Acceso á consideración de reservista voluntario honorífico dos españois procedentes do servizo militar obrigatorio.*

1. Os españois que realizasen o servizo militar obrigatorio en calquera das súas formas e que o día 1 de xaneiro de 2008 superasen os corenta anos de idade, poderán solicitar a consideración de reservista voluntario honorífico.

2. O recoñecemento da consideración de reservista voluntario honorífico farase mediante un documento oficial acreditativo do Ministerio de Defensa, onde constará o emprego alcanzado.

Disposición derogatoria única. *Derrogacións.*

Queda derogado o Real decreto 1691/2003, do 12 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de acceso e réxime dos reservistas voluntarios.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento xeral da seguridade social das Forzas Armadas aprobado polo Real decreto 1726/2007, do 21 de decembro.*

Modifícase o número 4 do artigo 2 do Regulamento xeral da seguridade social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1726/2007, do 21 de decembro, que queda redactado no sentido seguinte:

«4. Os reservistas voluntarios, durante os períodos de activación para prestar servizos, afiliaranse ao Instituto Social das Forzas Armadas, en adiante ISFAS.

Nos períodos de formación, os aspirantes e os reservistas continuarán en situación de alta no réxime de seguridade social a que pertenceren, compensando o Ministerio de Defensa as cotizacións correspondentes. Os que ao se incorporaren non estiveren dados de alta en ningún réxime de seguridade social integraranse,

para efectos da protección prevista neste regulamento, no Instituto Social das Forzas Armadas.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e Forzas Armadas.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Defensa para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento do regulamento que se aproba.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de marzo de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Defensa,  
CARME CHACÓN PIQUERAS

## REGULAMENTO DE RESERVISTAS DAS FORZAS ARMADAS

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este regulamento ten por obxecto regular a incorporación dos reservistas ás Forzas Armadas e establecer o seu réxime xurídico. É de aplicación a todos os que adquiren a condición de reservista.

Artigo 2. *Definición e clasificación de reservistas.*

1. Son reservistas os españois que, en aplicación do dereito e deber constitucionais de defender España, poden ser chamados a incorporarse ás Forzas Armadas para participaren nas misións definidas na Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional.

2. Os reservistas clasifícanse en:

a) Reservistas voluntarios: os españois que resulten seleccionados na correspondente convocatoria, superen os períodos de formación militar básica e específica que se regulan neste regulamento e se vinculen de forma temporal e voluntariamente coas Forzas Armadas, por medio dun compromiso de dispoñibilidade.

b) Reservistas de especial dispoñibilidade: os militares de tropa e mariñeira e os militares de complemento da Lei 17/1999, do 18 de maio, que adquiren a dita condición ao finalizaren os seus compromisos de longa duración.

c) Reservistas obrigatorios: os españois, cunha idade comprendida entre os dezanove e os vinte e cinco anos, que sexan declarados como tales polo Goberno de acordo coa lei.

Artigo 3. *Competencias en relación cos corpos comúns das Forzas Armadas.*

1. As competencias que neste regulamento se asignan aos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, en relación co persoal do seu ámbito de responsabilidade, corresponderán ao subsecretario de Defensa en relación co persoal dos corpos comúns das Forzas Armadas.

2. As competencias que neste regulamento se asignan aos mandos ou xefe de persoal do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, en relación co seu persoal, corresponderán ao director xeral de Persoal ou ao director xeral de Recrutamento e Ensino Militar, no ámbito das súas atribucións, en relación co dos corpos comúns das Forzas Armadas.

Artigo 4. *Situación de dispoñibilidade dos reservistas.*

Os reservistas permanecerán na situación de dispoñibilidade mentres non estean incorporados á correspondente unidade, centro ou organismo do Ministerio de Defensa, tanto en España coma no estranxeiro. Nesta situación encontraranse en disposición de se incorporaren ao destino ou praza asignada nos prazos que se determinan neste regulamento, que poderán diminuírse en caso de expresa aceptación dos interesados no correspondente documento oficial.

Artigo 5. *Asociacións de reservistas.*

1. Son aquelas que se constitúan, con persoal reservista, conforme a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

2. As administracións públicas apoiarán as asociacións de reservistas co fin de:

a) Axudar ao mantemento das relacións entre os seus propios membros, as da sociedade coas súas Forzas Armadas e con outras asociacións que se constitúan con carácter similar dentro do territorio nacional e doutros países.

b) Difundir a cultura de seguridade e defensa así como organizar conferencias e cursos sobre historia militar.

c) Promover a renovación do xuramento ou promesa ante a Bandeira de España.

d) Colaborar cos organismos militares na participación de reservistas en actividades de carácter militar.

3. Promoveranse os acordos e convenios coas asociacións de reservistas voluntarios, establecendo os procedementos que regulen as relacións mutuas entre o Ministerio de Defensa e o organismo que exerza a representación da maioría das citadas asociacións agrupadas nunha federación. Este organismo será o responsable de propor ao Ministerio de Defensa as delegacións oficiais de reservistas voluntarios españois ante os diversos foros internacionais de reservistas nos que España participa.

Artigo 6. *Apoio aos empregadores de reservistas.*

1. O Ministerio de Defensa promoverá o establecemento de convenios de colaboración con representantes dos empregadores de reservistas, privados e públicos, axentes sociais e demais organismos competentes das administracións públicas. Para tal efecto, coa colaboración do Ministerio de Defensa, poderase promover a participación de representantes dos empregadores dos reservistas, dos propios reservistas, do Ministerio de Defensa e dos organismos oficiais e particulares que se consideren oportunos para establecer os apoios necesarios.

2. O Ministerio de Defensa difundirá a información necesaria para que tanto os reservistas voluntarios como os seus empregadores coñezan os seus dereitos e obrigacións nas situacións de dispoñibilidade e activado.

## CAPÍTULO II

**Reservistas voluntarios***Sección 1.ª Selección e formación**Artigo 7. Provisión anual de prazas.*

1. Todo español poderá optar ás prazas de reservista voluntario que se oferten nos procesos de selección que se convoquen, sempre que acredite reunir as condicións que se determinan neste regulamento.

2. O Consello de Ministros, cando aprobe a provisión anual de prazas das Forzas Armadas, determinará o número máximo de reservistas voluntarios que pode alcanzarse cada ano ou, no seu defecto, o número de prazas que se ofertarán.

3. O ministro de Defensa determinará a distribución das prazas para o Exército de Terra, a Armada, o Exército do Aire e os corpos comúns das Forzas Armadas que se establezan na correspondente convocatoria.

*Artigo 8. Procesos de selección.*

1. O subsecretario de Defensa aprobará as convocatorias para o acceso á condición de reservista voluntario.

2. Os procesos de selección para acceso á condición de reservista voluntario rexeranse polo previsto neste regulamento e, con carácter supletorio, polo establecido no Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro.

3. As probas efectuaranse de forma individualizada con parámetros e criterios de selección obxectivos e teranse en conta os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os demais principios reitores para o acceso ao emprego público, e valorarase a formación e experiencia acreditadas en relación coa área de traballo e a tarefa que vaian desempeñar.

*Artigo 9. Condicións xerais para o ingreso.*

Para optaren á adquisición da condición de reservista voluntario, os aspirantes deberán cumprir as condicións xerais seguintes:

- a) Posuír a nacionalidade española.
- b) Ter cumpridos dezoito anos e non alcanzar unha idade máxima de 58 anos para as categorías de oficial e suboficial, e de 55 anos para a categoría de tropa e mariñeira.
- c) Carecer de antecedentes penais.
- d) No acharse procesado ou imputado nalgún procedemento xudicial por delito doloso.
- e) Non estar privado dos dereitos civís.
- f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin estar inhabilitado con carácter firme para o exercicio da función pública.
- g) Posuír a aptitude psicofísica necesaria, que será verificada mediante as probas que se determinen na convocatoria, de conformidade coa normativa vixente sobre aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas, e non ter sido cualificado como «non apto con carácter permanente» nas convocatorias que puideren ter tido lugar no ano anterior.
- h) Non ter resolto o seu compromiso como reservista voluntario con anterioridade, por algunha das causas reflectidas no artigo 21.2, alíneas c), d), f), g), i) e j), deste regulamento.
- i) Non terlle sido denegada a ampliación de compromiso como reservista voluntario.
- j) Non ter a condición de militar profesional, gardia civil ou persoal estatutario do Centro Nacional de Intelixencia.

k) Non ter finalizado a súa relación de servizos profesionais coas Forzas Armadas por aplicación do disposto no artigo 114, números 2.d), 2.e) e 3, e no artigo 116.1, alíneas c) e d), da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

l) Non ter resolto o compromiso como militar de complemento ou como militar de tropa e mariñeiría por aplicación do artigo 118, números 1.f), 1.g), 1.h) e 1.i), da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e do artigo 10, números 2.g), 2.h), 2.i) e 2.j), da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría.

m) No caso de ter sido militar de complemento, non ter denegada a renovación do compromiso ou a subscrición do compromiso de longa duración que se establecen no artigo 77.2 e disposición transitoria quinta.3, respectivamente, da Lei 39/2007, do 19 de novembro.

n) No caso de ter sido militar de tropa e mariñeiría, non ter denegada a renovación de compromiso ou a subscrición do compromiso de longa duración que se establecen nos artigos 8 e 9, respectivamente, da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría.

ñ) Acreditar aquelas outras condicións que se determinen nas correspondentes convocatorias.

#### Artigo 10. *Titulacións do sistema educativo xeral.*

1. Para acceder ás prazas da categoría de oficial deberá acreditarse algunha das seguintes titulacións:

a) Ter aprobados os estudos de primeiro ciclo de educación universitaria, ou os estudos completos de tres cursos das facultades ou escolas técnicas superiores.

b) Ter superado os estudos correspondentes ao ciclo de grao ou estar en posesión do título de graduado ou graduada, coa denominación que conste no Rexistro de universidades, centros e títulos regulado polo Real decreto 1509/2008, do 12 de setembro.

c) Estar en posesión dos mesmos títulos que se exigen para o acceso á condición de militar de carreira dos corpos de Enxeñeiros ou de Intendencia do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, e dos corpos comúns das Forzas Armadas.

2. Para acceder ás prazas da categoría de suboficial deberá acreditarse algún dos seguintes niveis educativos:

a) Estar en posesión do título de bacharel, establecido pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou título equivalente.

b) Ter superado a proba de acceso á universidade prevista na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

c) Estar en posesión dos títulos de formación profesional de técnico especialista, técnico superior ou equivalente para efectos académicos.

d) Estar en posesión dalgunha das acreditacións académicas declaradas equivalentes para efectos de acceso aos ciclos formativos de grao superior de formación profesional.

3. Para acceder ás prazas da categoría de tropa e mariñeiría valorarase estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente para efectos académicos.

4. De ser o caso, os estudos obtidos conforme sistemas educativos estranxeiros deberán estar homologados aos correspondentes títulos españois segundo a lexislación vixente.

#### Artigo 11. *Nomeamento dos aspirantes seleccionados.*

Os órganos de selección establecerán a relación de aspirantes propostos para realizar os períodos de formación militar correspondentes, asignándolles a área de traballo e a tarefa a desempeñar na praza obtida. A dita relación deberá ser aprobada polo subsecretario de Defensa.



Artigo 12. *Formación de aspirantes para adquirir a condición de reservista voluntario.*

1. A formación militar dos aspirantes ten como finalidade capacitalos militarmente para desempeñar as funcións que correspondan á área de traballo e tarefa, na praza obtida de acordo coa convocatoria.

2. Os aspirantes a reservista voluntario, durante a formación militar, terán a mesma consideración que os alumnos para o acceso a militar de tropa e mariñeiría, ostentarán a condición militar, deberán cumprir as regras de comportamento do militar, estarán suxeitos ás leis penais e disciplinarias militares e recibirán as compensacións económicas establecidas no Regulamento de retribucións do persoal das Forzas Armadas.

3. A formación militar dos aspirantes constará de dous períodos. O primeiro, ou de formación militar básica, realizarase nun centro de formación; e o segundo, ou de formación militar específica, realizarase na unidade, centro ou organismo do Ministerio de Defensa a que corresponda a praza asignada. O centro de formación a que se fai referencia neste punto, e neste regulamento, poderá ser calquera dos centros docentes militares de formación, ou centros de formación dos militares de tropa e mariñeiría previstos no artigo 50 da Lei 39/2007, do 19 de novembro. Os períodos de formación militar básica e específica poderán ser complementados por fases non presenciais, tanto de modo convencional como mediante o uso de novas tecnoloxías interactivas.

4. A formación militar básica terá unha duración máxima de trinta días. Deste período poderán quedar eximidos parcialmente, das materias que corresponda, os aspirantes que acrediten ter recibido formación militar nos cinco anos anteriores ao seu inicio.

5. Os centros de formación impartirán tres módulos diferentes de formación militar básica correspondentes ás categorías de oficial, de suboficial e de tropa e mariñeiría. No caso de teren coñecementos militares adquiridos con anterioridade nas Forzas Armadas, e en función do seu nivel, o contido de cada un destes módulos poderá dividirse en dúas partes diferenciadas.

6. A duración da formación militar específica dependerá do grao de adecuación da profesión civil do aspirante á praza obtida e non poderá exceder os trinta días.

7. Para os aspirantes a se encadraren nos corpos comúns das Forzas Armadas, a dita duración poderá reducirse ao mínimo imprescindible para o coñecemento da unidade, centro ou organismo a que corresponda a praza asignada.

8. A redución dos períodos de formación militar, básica e específica, será competencia do xefe do Mando de Adestramento e Doutrina do Exército de Terra, do xefe de Persoal da Armada ou do xefe do Mando de Persoal do Exército do Aire, e irá precedida da correspondente solicitude documentada por parte do interesado ante as ditas autoridades, a través da Subdelegación de Defensa da súa provincia de residencia. A solicitude de redución realizaraa o interesado, cando menos, trinta días antes da data de comezo do período de formación militar básica.

9. Ao completar a formación militar básica e como requisito previo e indispensable para adquirir, no seu momento, a condición de reservista voluntario, os aspirantes prestarán xuramento ou promesa ante a Bandeira na forma que establece a lei, de non o teren realizado con anterioridade.

10. Unha vez finalizada a formación militar avaliarase o aspirante co fin de proceder á súa ordenación.

Artigo 13. *Formación continuada de reservistas voluntarios.*

1. Os reservistas voluntarios serán activados de acordo cos plans anuais de activación a que se refire o artigo 34, para manter e actualizar os seus coñecementos por medio de programas de formación continuada aprobados polo subsecretario de Defensa, por proposta dos mandos ou xefe de persoal.

2. A primeira activación, que será para formación continuada do reservista voluntario, terá como finalidade reforzar os coñecementos adquiridos na formación militar básica realizada para adquirir tal condición. Esta activación, cunha duración máxima de trinta días, realizarase no centro de formación que corresponda.

3. Os programas de formación continuada de reservistas voluntarios preverán exercicios de instrución e adestramento, cursos e seminarios de perfeccionamento, e prácticas de adaptación á praza asignada. Tamén terán este carácter os congresos e seminarios que celebren os organismos nacionais e internacionais aos cales asistan oficialmente pola súa propia condición de reservistas voluntarios.

4. Os programas de formación continuada poderán incluír tamén actividades formativas que non impliquen necesariamente activacións ou fases non presenciais, para o cal se aproveitarán os portais de formación virtual xa existentes no ámbito das Forzas Armadas, ou calquera outro que poida utilizarse para o efecto. A realización destas actividades formativas non xera o dereito a percibir a indemnización establecida no artigo 37.

#### Artigo 14. *Formación de reservistas voluntarios en situacións de crise.*

En situacións de crise, ás cales se refire o artigo 123.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, ademais dos períodos de formación continuada establecidos no artigo anterior, os reservistas voluntarios deberán realizar unha formación específica para a súa adaptación á praza á cal se vaian incorporar.

#### Artigo 15. *Protección da maternidade durante a formación.*

1. Se por motivos derivados da súa situación de embarazo, parto ou posparto, a proposta como aspirante seleccionada non puiden efectuar a súa presentación no centro de formación, terá dereito á reserva de praza, por unha soa vez, para iniciar os períodos de formación militar básica e específica na primeira oportunidade que se produza unha vez que cese a causa que o impedi.

2. Durante os períodos de formación militar básica e específica e durante a activación para formación continuada, as mulleres aspirantes a reservistas voluntarias e as mulleres reservistas voluntarias respectivamente, en situación de embarazo, parto ou posparto, terán dereito a:

a) Non causar baixa no centro de formación ou na unidade, centro ou organismo do Ministerio de Defensa correspondente nin por insuficiencia de condicións psicofísicas, nin por non superar dentro dos prazos establecidos as probas previstas nos plans de estudo.

b) Poder fixar a súa residencia fóra do centro de formación ou unidade, centro ou organismo do Ministerio de Defensa.

c) Se por razón de embarazo, parto ou posparto, a aspirante á obtención da condición de reservista voluntaria, ou a muller reservista voluntaria, se vir obrigada a repetir algún período de formación ou activación para formación continuada, respectivamente, quedará exenta de volver a cursar os módulos, materias ou disciplinas xa superados, excepto se estes foren probas médicas ou físicas, cuxa valoración for determinante no período de formación ou activación correspondente, ou se no plan de estudos se determinar a asistencia obrigatoria a algunha delas.

3. Para poderse acoller aos dereitos referidos nos números anteriores, a interesada deberá acreditar con antelación á data de incorporación ante a Subdelegación de Defensa da que dependa, ou o xefe da unidade, centro ou organismo do Ministerio de Defensa, se estiver en situación de activada para formación continuada, mediante a oportuna certificación médica oficial, a limitación para realizar os períodos de formación militar básica e específica e a formación continuada, segundo corresponda.



*Sección 2.ª Adquisición da condición e compromisos**Artigo 16. Adquisición da condición de reservista voluntario.*

1. A condición de reservista voluntario adquirese, tras superar a formación militar e asinar o compromiso inicial, mediante resolución dos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.

2. As resolucións polas que se adquire a condición de reservista voluntario publicaranse no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa», con indicación da Subdelegación de Defensa da que pasa a depender cada un deles.

3. A relación que se establece polos reservistas voluntarios coa sinatura do compromiso inicial ten carácter temporal e voluntario e réxese exclusivamente polo establecido na Lei 39/2007, do 19 de novembro, por este regulamento e polas disposicións que o desenvolvan.

*Artigo 17. Acceso á condición de reservista voluntario dos militares profesionais.*

1. Os militares de complemento e os militares de tropa e mariñeiría que finalizasen ou resolvesen o seu compromiso coas Forzas Armadas, así como os militares de carreira que renunciasesen á súa condición militar, poderán solicitar o seu acceso á condición de reservista voluntario mediante instancia dirixida aos xefes de Estado Maior, acompañada do correspondente documento de solicitude de compromiso inicial asinado polo solicitante.

2. Esta posibilidade de acceso á condición de reservista voluntario pódena exercer aqueles que finalicen os seus servizos coas Forzas Armadas, o soliciten dentro dos cinco anos seguintes á data de baixa e cumpran as condicións xerais do artigo 9, a excepción do disposto nas alíneas g) e ñ) do citado artigo. Ao acabar este prazo, para accederen á condición de reservista voluntario, deberán participar nos procesos de selección das correspondentes convocatorias, perdendo todas as prerrogativas que puideren ter por teren prestado servizo nas Forzas Armadas.

3. Tras a superación do recoñecemento da aptitude psicofísica, que se levará a efecto conforme coa normativa vixente sobre aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas na unidade, centro ou organismo que designen os mandos ou xefe de persoal, e coa previa aprobación da solicitude, adquirirán a condición de reservista voluntario mediante a publicación da resolución correspondente no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

4. Ao adquiriren a condición de reservista voluntario encadraranse no exército de procedencia, na área de traballo e tarefa correspondentes ao corpo e á especialidade fundamental da que proceden, mantendo o emprego como reservista voluntario, a antigüidade e o destino, cando sexa posible, na última unidade, centro ou organismo en que prestaron os seus servizos. Seranlles de aplicación os programas anuais de formación continuada para reservista voluntario a partir do ano seguinte ao da adquisición de tal condición.

5. Cando este persoal, ao solicitar o seu ingreso como reservista voluntario, opte a unha praza de categoría superior á que tiña, por acreditar a titulación exixida, deberá acudir ás convocatorias de acceso ás prazas desa categoría que se anuncien no seu exército e seguir o mesmo proceso que os demais aspirantes, tanto na selección como na formación militar.

6. Os militares que vaian finalizar a súa vinculación de servizos profesionais coas Forzas Armadas e desexen, ao seu termo, adquirir a condición de reservista voluntario, solicitarano a través do xefe da súa unidade, centro ou organismo, mediante instancia dirixida ao xefe de Estado Maior respectivo, acompañada do correspondente documento de solicitude de compromiso inicial asinado polo solicitante.

Artigo 18. *Compromiso inicial.*

1. O compromiso inicial dos reservistas voluntarios terá unha duración de tres anos, contados desde a data de publicación da resolución de adquisición da condición de reservista voluntario. No documento de solicitude de compromiso inicial, os reservistas voluntarios poderán manifestar a súa dispoñibilidade para seren incorporados nos termos previstos no artigo 126 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e artigo 20 deste regulamento.

2. Non obstante o anterior, o compromiso inicial poderá ser dun ano nas convocatorias que se efectúen para satisfacer as necesidades das Forzas Armadas, cando en situacións de crise o Consello de Ministros decreta a incorporación de reservistas voluntarios.

Artigo 19. *Ampliación do compromiso.*

1. Os reservistas voluntarios poderán asinar novos compromisos, por períodos de tres anos, sempre que non se superen a idade máxima de sesenta e un anos para oficiais e suboficiais e cincuenta e oito anos para tropa e marifeiría. O último compromiso terá unha duración axustada aos ditos límites de idade.

2. Catro meses antes da finalización do compromiso en vigor, as Subdelegacións de Defensa informarán os reservistas voluntarios da finalización do compromiso, remitíndolles o correspondente documento de solicitude de ampliación para a súa cobertura e entrega, no cal, se así o desexan, poderán volver manifestar a súa dispoñibilidade para seren incorporados nos termos previstos no artigo 126 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e no artigo 20 deste regulamento.

3. Tres meses antes da finalización do compromiso, os reservistas voluntarios deberán presentar a solicitude de ampliación na Subdelegación de Defensa da que dependan ou, no caso de estaren en situación de activado, a través do xefe de unidade, centro ou organismo en que presten servizo, con comunicación expresa á respectiva Subdelegación de Defensa, debendo ter entrada a documentación nos mandos ou xefatura de persoal con, cando menos, un mes de antelación á data de fin do compromiso.

4. A concesión da ampliación de compromiso requirirá a superación do preceptivo recoñecemento médico, no cal serán de aplicación os cadros de condicións psicofísicas do regulamento vixente para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas. Así mesmo, será preceptiva a sinatura do documento de solicitude de ampliación polo reservista voluntario, e os informes favorables do xefe da unidade do seu destino e do subdelegado de Defensa de que dependa.

5. A concesión da segunda ampliación de compromiso, e sucesivas, ademais do establecido no número anterior, requirirá ter sido activado, cando menos, unha vez nos últimos tres anos e tres veces nos últimos seis, tanto para participar en programas de formación continuada como para prestar servizo en unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa.

6. A concesión dos novos compromisos corresponde aos mandos ou xefe de persoal.

7. As ampliacións de compromiso faranse efectivas mediante a publicación no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» das correspondentes resolucións de concesión sinaladas no número anterior.

8. No caso de que o reservista voluntario decida non ampliar o compromiso, ou non entregue nos prazos establecidos, debidamente cuberto, o documento de ampliación, as Subdelegacións de Defensa informarán os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, co fin de que estes emitan, para a súa publicación no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa», a resolución de finalización de compromiso.

Artigo 20. *Manifestacións de voluntariedade.*

Ao asinaren o compromiso inicial ou ao solicitaren novos compromisos, os interesados poderán manifestar a súa voluntariedade para:

- a) Ser incorporados a misións, operación ou colaboración determinada das Forzas Armadas, tanto en territorio nacional como no estranxeiro.
- b) Incorporarse a unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa que actúen en colaboración coas institucións do Estado e as administracións públicas para preservar a seguridade e o benestar dos cidadáns, con períodos de preaviso de non máis de cinco días.
- c) Incorporarse a calquera praza relacionada coa súa área de traballo e tarefa, distinta da inicialmente asignada.

### *Sección 3.ª Perda da condición*

#### *Artigo 21. Finalización e resolución do compromiso.*

1. Os compromisos dos reservistas voluntarios finalizarán na súa data de vencemento.
2. O compromiso do reservista voluntario resolverase, de oficio ou por solicitude do interesado, cando teña lugar algunha das seguintes circunstancias:
  - a) Perda da nacionalidade española.
  - b) Condena por delito doloso ou imposición de pena incompatible coa incorporación para prestar servizo en unidade, centro ou organismo do Ministerio de Defensa.
  - c) Ter sido sancionado con falta grave ou por sanción disciplinaria extraordinaria.
  - d) Insuficiencia de condicións psicofísicas conforme coa normativa vixente sobre aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas.
  - e) Adquisición da condición de militar profesional, garda civil ou persoal estatutario do Centro Nacional de Intelixencia.
  - f) Ao ser activado, ter solicitado e ter concedida a suspensión da incorporación en dúas ocasións consecutivas ou tres alternas durante os últimos seis anos. Para estes efectos, non se contabilizará a suspensión acordada polas causas previstas no artigo 42.3.
  - g) Non incorporarse na data e lugar designado, salvo que se acredite a existencia de causa documentalmentemente xustificada, que deberá ser valorada polo mando ou xefe de persoal correspondente.
  - h) Petición expresa. No caso de que estea prevista a súa incorporación, deberá presentar a solicitude, como mínimo, con quince días de antelación.
  - i) Incumprimento, en contra do declarado polo interesado, das condicións para tomar parte na convocatoria de acceso á condición de reservista voluntario.
  - j) Incumprimento da normativa xeral e particular establecida para os reservistas voluntarios.

#### *Artigo 22. Perda da condición de reservista voluntario.*

1. Os reservistas voluntarios perderán a súa condición pola finalización do compromiso, salvo que se asinase un novo, ou pola súa resolución polas circunstancias expostas no artigo 21.2.
2. Corresponde aos xefes de Estado Maior, no seu ámbito respectivo, a competencia para acordar a perda da condición de reservista voluntario.
3. A perda da condición de reservista voluntario farase efectiva mediante a publicación no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» da resolución correspondente.

#### *Artigo 23. Recuperación da condición de reservista voluntario.*

1. Os que perdesen a condición de reservista voluntario, por teren finalizado os seus compromisos, e posteriormente desexen recuperala, solicitarano mediante instancia dirixida aos xefes de Estado Maior dos Exércitos a que pertenceron, durante os tres anos seguintes á data de finalización do compromiso. Os solicitantes deberán cumprir as

condicións que se prevén no artigo 9, a excepción do disposto nas alíneas g) e ñ) do citado artigo.

2. As solicitudes realizaranse sempre para reingresar no exército ou corpo común das Forzas Armadas en que se encadaban anteriormente e cursaranse a través da Subdelegación de Defensa da súa provincia de residencia.

3. Os que reingresen recuperarán o seu emprego como reservista voluntario e, de ser o caso, o seu último destino, e serán ordenados coa nova antigüidade que resulte ao deducir da anterior o seu período de ausencia.

4. As resolucións ditadas publicaranse no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

#### *Sección 4.ª Empleos, destinos e ascensos*

##### *Artigo 24. Empleos.*

Os reservistas voluntarios terán inicialmente os empregos de alférez (RV) ou alférez de fragata (RV), sarxento (RV) e soldado (RV) ou mariñeiro (RV), segundo a categoría á que accedesen na correspondente convocatoria. Posteriormente, poderán alcanzar os empregos seguintes:

- a) Oficiais: tenente (RV)/alférez de navío (RV) e capitán (RV)/tenente de navío (RV).
- b) Suboficiais: sarxento primeiro (RV) e brigada (RV).
- c) Tropa e mariñeiría: cabo (RV) e cabo primeiro (RV).

##### *Artigo 25. Encadramento e destinos.*

1. Os reservistas voluntarios encadraranse nun exército ou corpo común das Forzas Armadas e incorporaranse aos destinos que teñan asignados en función da convocatoria en que fosen seleccionados, ben que poderán manifestar a súa dispoñibilidade para calquera outra praza relacionada coa súa área de traballo, segundo o establecido no artigo 20.

2. Os reservistas voluntarios que exerzan unha profesión de aplicación específica nas Forzas Armadas poderán ser destinados a prazas distintas ás inicialmente previstas e acordes coa súa formación, mediante resolución dos mandos ou xefe de persoal. Neste caso o reservista voluntario será informado cunha antelación mínima dun mes pola Subdelegación de Defensa da que dependa.

3. No momento da subscrición de novos compromisos, o reservista voluntario poderá optar por continuar na praza que tivese previamente asignada ou solicitar outra das ofertadas nas anteriores convocatorias. A solicitude de novo destino cursarase mediante instancia dirixida, a través das Subdelegacións de Defensa, ao mando ou xefe de persoal, os cales resolverán. A concesión do novo destino incluírase na resolución de ampliación do compromiso.

4. Ao modificar a provincia de residencia, o reservista voluntario poderá solicitar o cambio de destino mediante o mesmo procedemento sinalado no número anterior. Unha vez concedido, procederase á súa publicación no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

##### *Artigo 26. Condicións para o ascenso.*

Para que se produza o ascenso deberán concorrer as seguintes condicións:

- a) Ter permanecido seis anos no emprego anterior e acreditar un mínimo de sesenta días de activación para prestar servizo en unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa ou para participar en programas de formación continuada.

b) Ter sido informado con carácter favorable polo xefe da unidade, centro ou organismo do Ministerio de Defensa onde fose activado e polo subdelegado de Defensa do cal dependa.

c) Ter aceptado e realizado todas as activacións para seguir os programas de formación continuada para as cales foi requirido, durante os anos de permanencia necesarios para o ascenso. Non se terán en consideración as non realizadas polas causas de suspensión de incorporación previstas neste regulamento.

d) No ter sido separado do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera das administracións públicas, nin estar inhabilitado con carácter firme para o exercicio da función pública.

e) Ter sido declarado «apto» na preceptiva avaliación para o ascenso.

#### Artigo 27. *Avaliacións para o ascenso.*

1. O interesado, unha vez que teña cumpridas as condicións temporais que figuran no artigo anterior, poderá solicitar o seu ascenso ao emprego superior aos mandos ou xefe de persoal, segundo corresponda.

2. Os organismos de xestión de persoal correspondentes requirirán a información necesaria para acreditar que o solicitante cumpre con todas as condicións establecidas, así como as certificacións a que se refire a Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas.

3. Verificadas as condicións para o ascenso, na segunda quincena do mes de xaneiro de cada ano publicaranse os ascensos correspondentes ás solicitudes dos reservistas voluntarios que fosen declarados «Apto», recibidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior.

4. A ordenación nos ascensos farase en función da data en que os interesados cumprisen as condicións temporais que se exixen en cada emprego.

5. Se un reservista voluntario, ao solicitar o seu ascenso, non cumpre as condicións a que fan referencia as alíneas b) e c) do artigo anterior non ascenderá nesa ocasión, e de se repetiren esas mesmas circunstancias nunha segunda ocasión, será declarado non apto para o ascenso con carácter definitivo.

6. Ademais de constatar que reúnen as condicións fixadas para o ascenso que se determinan neste regulamento, en cada avaliación analizaranse as circunstancias dos interesados reflectidas na seguinte documentación:

a) O historial militar.

b) A información complementaria achegada polo interesado, por iniciativa propia, sobre a súa actuación profesional e que, sendo de interese, puidese non estar reflectida no seu historial militar.

c) Informes favorables do xefe da unidade, centro ou organismo do Ministerio de Defensa onde fose activado e do subdelegado de Defensa do que dependan.

#### Artigo 28. *Concesión dos ascensos.*

1. Ascensos aos diferentes empregos:

a) Os ascensos aos empregos que se relacionan no artigo 24 concederanse por resolución do mando ou xefe de persoal correspondente, segundo a ordenación definida no artigo 27.4.

b) Os que alcanzasen algún emprego equivalente aos relacionados no artigo 24, por teren prestado servizo nas Forzas Armadas con anterioridade, poderano manter como reservista voluntario dentro da súa categoría, logo de solicitude a través da Subdelegación de Defensa, ao mando ou xefe de persoal, segundo corresponda.

c) Se o emprego alcanzado con anterioridade for superior aos citados no artigo 24, para podelo manter deberá solicitalo mediante instancia dirixida aos xefes de Estado Maior.

2. A data de antigüidade no emprego obtido será a de 1 de xaneiro do ano correspondente e producirá efectos administrativos a partir dela. Os ascensos faranse públicos no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

Artigo 29. Títulos honoríficos e distincións.

1. Ao cesar na condición de reservista voluntario, sempre que non sexa polas causas sinaladas no artigo 21.2, excepto a da alínea d), recibirá o título de reservista honorífico, onde constará o emprego.

2. Os que reciban os ditos títulos manterán unha especial vinculación coas Forzas Armadas, mediante a súa adscrición con carácter honorífico á unidade, centro ou organismo que elixan de entre aqueles en que prestasen os seus servizos, coa previa conformidade dos mandos ou xefe de persoal, e poderán asistir aos actos e cerimonia militares propias daquel, vestindo o uniforme que corresponda.

3. Os títulos serán expedidos polos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no seu ámbito respectivo.

4. Substituirase a tarxeta de identificación militar para persoal reservista por outra na que conste que se trata dun reservista honorífico, así como o emprego alcanzado.

Artigo 30. *Historial militar.*

1. As vicisitudes profesionais dos reservistas voluntarios quedarán reflectidas no seu historial militar individual, de uso confidencial, que constará dos seguintes documentos:

- a) Folla de servizos.
- b) Expediente académico.
- c) Expediente de aptitude psicofísica.
- d) Colección de informes persoais.

2. Durante os cinco anos posteriores á publicación da perda da condición de reservista voluntario no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa», todos os historiais, conservados en soporte informático, excepto aqueles documentos orixinais que polas súas características o deban ser tamén en papel, estarán baixo custodia e xestión das Subdelegacións de Defensa das que dependan os reservistas voluntarios. Transcorrido este período de tempo, o historial militar quedará reducido á folla de servizos, que será remitida aos arquivos correspondentes, e o resto dos documentos destruíranse, logo de comunicación ao interesado.

3. Os reservistas voluntarios poderán solicitar ao mando de Adestramento e Doutrina do Exército de Terra, á Xefatura de Persoal da Armada e ao Mando de Persoal do Exército do Aire, nos seus ámbitos respectivos, a través das súas Subdelegacións de Defensa, nos termos e condicións establecidos na normativa vixente sobre elaboración, custodia e utilización dos expedientes académicos, a anotación neles dos datos relacionados cos títulos obtidos e estudos realizados en centros docentes, civís ou militares, nacionais ou estranxeiros, e os publicados nos boletíns oficiais do Estado ou do Ministerio de Defensa.

4. As resolucións adoptadas polos directores de Ensino do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire ou polo subdirector xeral de Ordenación e Política de Ensino, serán notificadas aos interesados a través das Subdelegacións de Defensa das que dependan.

#### *Sección 5.<sup>a</sup> Situacións, activación, réxime e tarefas*

Artigo 31. *Situación de dispoñibilidade.*

Os reservistas voluntarios permanecerán na situación de dispoñibilidade conforme o establecido no artigo 4. As Subdelegacións de Defensa contactarán periodicamente cos reservistas voluntarios para manter actualizada a información sobre a súa dispoñibilidade. Para tal efecto, os reservistas voluntarios deberán comunicar todos os cambios de



domicilio, no prazo dun mes a partir da data da realización do traslado, por escrito ou medios electrónicos.

#### Artigo 32. *Situación de activado.*

1. Os reservistas voluntarios pasarán á situación de activado ao iniciaren o proceso de incorporación a unidades, centros ou organismos do Ministerio de Defensa por algunha das causas seguintes:

- a) Para participar en programas de formación continuada.
- b) Para prestar servizo en unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa, tanto en España coma no estranxeiro.

2. Os reservistas voluntarios que sexan activados para incorporarse e prestar servizo deberán superar o correspondente recoñecemento médico previo. Para iso aplicarase, con carácter xeral, o previsto no regulamento vixente para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas. Os reservistas voluntarios que presenten algunha limitación psíquica ou física circunstancial non poderán continuar na situación de activado mentres persista tal limitación.

#### Artigo 33. *Cesamento na situación de activado.*

Con carácter xeral, cesarase na situación de activado ao cumprirse o tempo máximo de permanencia fixado na resolución de activación. Este cesamento suporá o pase do reservista voluntario á situación de dispoñibilidade e deixar de ter a condición militar.

#### Artigo 34. *Activacións para participar en programas de formación continuada.*

1. Aprobados os plans anuais de activación para a formación continuada previstos neste regulamento e publicados posteriormente no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa», os mandos ou xefe de persoal designarán, precedendo convocatoria, os reservistas voluntarios que se deberán activar para participar nas actividades de cada plan.

2. As Subdelegacións de Defensa notificarán aos reservistas voluntarios a data e lugar de incorporación, sen que entre a notificación e o momento de incorporación poida mediar un prazo inferior a un mes, salvo autorización expresa do reservista para a súa redución, conforme o artigo 4.

3. Os reservistas voluntarios poderán concorrer aos cursos que se convoquen especificamente para eles.

4. Os reservistas voluntarios que sexan activados para a realización dun período de formación continuada poderán solicitar a suspensión da súa activación, polas causas que se establecen no artigo 42.3, ao mando ou xefe de persoal.

#### Artigo 35. *Períodos de activación.*

Os reservistas voluntarios poderán permanecer, como máximo, na situación de activado os períodos de tempo que a seguir se expresan:

- a) Para participar en programas de formación continuada, trinta días ao ano.
- b) Para prestar servizo, o que para tal efecto se fixe cando sexa aprobada a activación.

#### Artigo 36. *Réxime de persoal.*

Na situación de activado, os reservistas voluntarios terán a condición militar, deberán cumprir as regras de comportamento do militar e estarán suxeitos ás leis penais e disciplinarias militares. Seralles de aplicación o seguinte réxime de persoal:

a) Para os da categoría de oficial, o dos militares profesionais na situación de servizo activo de emprego equivalente, pero coas tarefas e funcións propias da súa condición.

b) Para os da categoría de suboficial, o dos militares profesionais na situación de servizo activo de emprego equivalente, pero coas tarefas e funcións propias da súa condición.

c) Para os da categoría de tropa e mariñeiría, o dos militares profesionais de tropa e mariñeiría na situación de servizo activo cunha relación de servizos de carácter temporal, de emprego equivalente, pero coas tarefas e funcións propias da súa condición.

d) Cuando os reservistas voluntarios se incorporen para prestar servizo en unidades, centros ou organismos do Ministerio de Defensa, nos dous primeiros meses realizarán gardas e servizos como adxuntos dos titulares que se determinen, e a partir do terceiro serán nomeados como titulares.

#### Artigo 37. *Réxime económico.*

1. Os aspirantes á obtención da condición de reservista voluntario, durante a súa estadía nos centros de formación, ou en unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa, para a realización da formación militar básica e específica, así como os reservistas voluntarios que sexan activados para a realización de períodos de instrución e adestramento ou asistir a cursos de formación e perfeccionamento, percibirán unha indemnización calculada sobre o salario mínimo interprofesional diario cuantificada como segue:

a) Para o persoal aspirante para acceder ao emprego de alférez (RV) ou alférez de fragata (RV): tres veces o dito salario.

b) Para o persoal aspirante para acceder ao emprego de sarxento (RV): dúas veces e medio o dito salario.

c) Para o persoal aspirante para acceder ao emprego de soldado (RV)/mariñeiro (RV): o dobre do dito salario.

2. O persoal reservista voluntario, durante o período de activación para prestar servizo, percibirá as retribucións fixadas para os militares profesionais con emprego equivalente. Para os de tropa e mariñeiría, as retribucións serán as correspondentes aos militares profesionais, de emprego equivalente, cunha relación de servizos de carácter temporal e que non teñan subscrito un compromiso de longa duración.

#### Artigo 38. *Tarefas, funcións e atribucións.*

1. Cando os reservistas voluntarios sexan activados para seguir programas de formación continuada terán a consideración de alumnos, aínda que poderán desenvolver tarefas e actividades propias da súa formación específica como prácticas de adaptación ao posto asignado.

2. Cando os reservistas voluntarios sexan activados para prestar servizo, poderán asignárselles as tarefas propias dos militares profesionais que ocupen postos similares aos correspondentes á área de traballo e tarefa do reservista voluntario. Durante o tempo da activación, ademais de cumpriren as regras de comportamento do militar e estaren suxeitos ás leis penais e disciplinarias militares, poderán exercer as atribucións disciplinarias que lles correspondan en función do emprego que ostenten e do posto orgánico ocupado.

3. Os reservistas voluntarios poderán exercer funcións técnicas, loxísticas, administrativas e docentes. A asignación de funcións operativas estará supeditada á experiencia do reservista voluntario, o que será decidido polo xefe da unidade de activación.

*Sección 6.ª Incorporacións**Artigo 39. Incorporación para prestar servizo en unidades, centros ou organismos do Ministerio de Defensa.*

1. O ministro de Defensa poderá determinar a incorporación de reservistas voluntarios que mostrasen a súa conformidade para prestar servizo en unidades, centros ou organismos do Ministerio de Defensa.

2. Así mesmo, deberá especificar a contía de efectivos, a clase de reservistas voluntarios a que afecta, o prazo para efectuar as xestións necesarias para as incorporacións e o tempo máximo de permanencia na situación de activado.

3. Os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada, do Exército do Aire, nos seus ámbitos respectivos, proporán ao ministro de Defensa a relación de persoal que se debe incorporar, de entre os que previamente manifestasen a súa disposición a facelo, e os períodos de activación correspondentes.

4. Ao actualalos, as Subdelegacións de Defensa notificaránlles aos reservistas voluntarios a data e o lugar onde se lles realizará o recoñecemento médico obrigatorio, así como o período de activación, sen que entre a notificación e a data de incorporación poida mediar un prazo inferior a un mes, salvo manifestación expresa dos interesados para a súa redución.

5. Superado o recoñecemento médico, segundo os cadros de condicións psicofísicas do regulamento vixente para a determinación da aptitude do persoal das Forzas Armadas, os reservistas voluntarios incorporaranse ao destino previamente asignado ou outro que se lles ofrezca, en función da súa área de traballo e tarefa.

6. A partir da súa incorporación para prestar servizo en unidades, centros ou organismos do Ministerio de Defensa, recibirán adestramento específico de actualización da súa formación militar e, cando así corresponda, de preparación para as tarefas que deban desenvolver.

*Artigo 40. Incorporación para actuacións en colaboración coas institucións do Estado e as administracións públicas, operacións e para misións no estranxeiro.*

1. O ministro de Defensa, por proposta do xefe de Estado Maior da Defensa ou dos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, poderá autorizar a incorporación de reservistas voluntarios que manifestasen a súa voluntariedade para participar en actuacións das Forzas Armadas en colaboración coas institucións do Estado e as administracións públicas e para participar en misións no estranxeiro de mantemento da paz e a seguridade derivadas de acordos internacionais subscritos por España, ou naquelas operacións ou colaboracións que se determinen.

Os reservistas voluntarios incorporados a operacións e misións no estranxeiro enténdense incluídos no ámbito persoal de aplicación establecido no artigo 2 do Real decreto lei 8/2004, do 5 de novembro, sobre indemnizacións aos participantes en operacións internacionais de paz e seguridade, modificado pola Lei orgánica 7/2007, do 2 de xullo.

2. Autorizada a incorporación do número anterior, o xefe de Estado Maior da Defensa e os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no seu ámbito de responsabilidade, fixarán as condicións que deberán reunir os reservistas voluntarios que puideren ser incorporados e a duración dos seus períodos de activación.

3. Atendendo a tales condicións, os xefes de Estado Maior correspondentes e o subsecretario de Defensa, no que se refire aos encadrados nas súas unidades, centros ou organismos, determinarán as relacións dos reservistas que se deban incorporar, de entre aqueles que manifestasen a súa voluntariedade para iso e cumpran as condicións fixadas.

4. As Subdelegacións de Defensa notificarán aos reservistas voluntarios que delas dependan e que estean incluídos na relación a que se refire o número anterior, a data e o lugar en que deben incorporarse para o recoñecemento médico obrigatorio que deberán

superar e, posteriormente, a misión específica e o período de permanencia na situación de activado.

5. Entre a notificación a que se refire o número anterior e a data de incorporación non poderá mediar un prazo inferior a un mes, salvo manifestación expresa do reservista para a súa redución.

Artigo 41. *Incorporación de reservistas voluntarios en situacións de crise e en emerxencias.*

1. Nas situacións de crise a que se refire o artigo 123.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, poderán reducirse ata quince días os prazos de execución do proceso de incorporación dos reservistas voluntarios.

2. A aparición dunha situación de emerxencia ou de calquera tipo de catástrofe, que requira o emprego de reservistas voluntarios, pode determinar a redución dos prazos previstos para a súa incorporación, que non superarán os cinco días.

3. Toda unidade das Forzas Armadas que vaia intervir nesas situacións empregando reservistas voluntarios nelas destinados solicitará a súa activación inmediata e os recursos que a possibiliten ao xefe de Estado Maior que corresponda, no seu ámbito de responsabilidade.

Artigo 42. *Suspensión da incorporación.*

1. O reservista voluntario poderá solicitar a suspensión da incorporación, en calquera momento anterior a producirse esta, mediante instancia dirixida ao xefe de Estado Maior correspondente ou ao subsecretario de Defensa, acompañada de cantos documentos considere necesarios para acreditar a concorrencia dalgunha das causas que se indican neste artigo.

2. De corresponder a incorporación sen terse ditado resolución polas autoridades citadas no número anterior, aprazarase a dita incorporación ata o momento de recaer resolución expresa. En todo caso, entenderase concedida a suspensión se, trascorrido o prazo dun mes desde que o escrito de solicitude tivo entrada no rexistro oficial da autoridade competente para resolvelo, non se ditou resolución expresa. A resolución expresa que se adopte con posterioridade para os efectos do silencio administrativo será, en todo caso, favorable para o interesado.

3. Poderá obterse a suspensión de incorporación por algunha das seguintes causas:

- a) Por ser necesaria a concorrencia do reservista voluntario ao sostemento familiar.
- b) Por embarazo ou parto da reservista voluntaria, ou encontrarse en período de lactación, ou gozando do correspondente permiso de maternidade ou, de ser o caso, de paternidade.
- c) Por padecer o reservista voluntario enfermidade ou limitación física ou psíquica circunstancial.
- d) Por enfermidade grave do seu cónxuxe, de persoa ligada con análoga relación de parella de feito, ou de parentes por consanguinidade, ata o segundo grao e os afíns en primeiro grao, así como os acollidos de feito e adoptados.
- e) Por razóns de tipo laboral para consolidar un posto de traballo ou por alteración substancial das condicións do posto de traballo.
- f) Por razóns ineludibles de tipo académico.
- g) Por traslado de residencia ao estranxeiro.
- h) Por estar sometido a medida xudicial ou gubernativa que impida a normal incorporación.

4. Poderá solicitarse tamén a suspensión da incorporación, por causa sobrevida con posterioridade a aquela, resultando entón de aplicación o disposto nos números anteriores deste artigo, excepto o número 2.

5. Os reservistas voluntarios que sexan requiridos para ser activados para participar en programas de formación continuada poderán solicitar a suspensión da dita activación polas causas citadas neste artigo.

6. O reservista voluntario que, unha vez citado, non se presente para a súa incorporación ás Forzas Armadas, non poderá acceder á condición de reservista honorífico, nin poderá optar ás prazas que se anuncien en sucesivas convocatorias.

#### *Sección 7.<sup>a</sup> Dereitos de carácter militar, laboral e económico*

#### *Artigo 43. Dereitos e deberes de carácter militar.*

1. Con carácter xeral, cando os reservistas voluntarios sexan activados terán o réxime de dereitos e deberes previsto no capítulo II, sección 5.<sup>a</sup>

2. O tempo permanecido como reservista voluntario considerárase como mérito para o acceso ao ensino militar de formación nas Forzas Armadas, así como nos sistemas de selección respecto dos corpos, escalas, prazas de funcionario e actividades de carácter laboral das administracións públicas, en todos os supostos en que as súas funcións garden relación cos servizos prestados como reservistas.

3. Os reservistas voluntarios en situación de activado, cando se incorporen ás Forzas Armadas, usarán o mesmo uniforme que o establecido para os militares en servizo activo de emprego equivalente do exército, ou corpo común en que se encadran, co distintivo específico de reservista voluntario.

4. Os reservistas voluntarios en situación de dispoñibilidade poderán vestir o uniforme, co coñecemento do subdelegado de Defensa correspondente, con ocasión da súa asistencia a actos castrenses e sociais, e da súa participación en actos e celebracións das unidades, centros ou organismos do Ministerio de Defensa e dos organismos nacionais e internacionais a que pertencen pola súa condición de reservista voluntario.

5. O Ministerio de Defensa establecerá os requisitos e condicións para a participación dos reservistas voluntarios nas reunións e congresos dos organismos nacionais e internacionais a que pertencen pola súa condición de reservista voluntario.

6. Respecto á precedencia nos actos de protocolo e servizos, os reservistas voluntarios terán a consideración de máis modernos dentro do seu emprego.

7. Ao adquiriren a condición de reservista voluntario, facilitaráselles a tarxeta de identificación militar para persoal reservista.

#### *Artigo 44. Dereitos de carácter laboral e de seguridade social.*

1. Os reservistas voluntarios terán os dereitos de carácter laboral e de seguridade social previstos no artigo 134 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, nos termos previstos no artigo 20 do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego.

2. Os aspirantes á obtención da condición e os reservistas voluntarios que ao finalizaren os seus períodos de formación militar, básica e específica, e de activación, se encontraren en situación de incapacidade temporal por accidente ou enfermidade derivada do servizo, poderán permanecer nas Forzas Armadas, se o desexan, ata a súa recuperación, continuando como alumnos ou na situación de activados respectivamente. De non se recuperaren, seralles de aplicación o establecido nos artigos 71 ao 121 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, segundo corresponda.

3. Se un reservista voluntario activado sofre un accidente que o incapacite temporalmente para o servizo, a unidade de destino ou o centro de formación efectuará un seguimento da recuperación do afectado ata o cesamento da súa situación de incapacidade. O seguimento da baixa realizarase de forma análoga á que se efectúa a un militar profesional cunha relación de servizos de carácter temporal. No caso de que non coincida a provincia de residencia coa de destino, o seguimento realizarao a Subdelegación de Defensa da que dependa.

4. Cando o reservista voluntario deba ausentarse do seu posto de traballo por ter sido citado para a súa activación, a Subdelegación de Defensa da que depende, co seu consentimento, comunicará tal circunstancia ao seu empregador. A referida comunicación realizaraa, cando menos, con quince días de antelación e fará saber os dereitos laborais que asisten o reservista voluntario e o propio empregador.

5. Os reservistas voluntarios incorporados terán dereito á reserva de praza no centro onde cursaban os seus estudos.

6. Todos os beneficios de acción social no ámbito das Forzas Armadas serán aplicables aos reservistas voluntarios mentres permanezan na situación de activados.

7. Nos períodos de formación, os aspirantes e os reservistas voluntarios continuarán na situación de alta no réxime de seguridade social a que pertencen. Aos que, ao se incorporaren, non estiveren dados de alta en ningún réxime de seguridade social, aplicaráselles o réxime de seguridade social establecido para os alumnos dos centros docentes militares de formación.

Aos reservistas voluntarios activados para prestar servizo en unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa, tanto en España coma no estranxeiro, aplicaráselles o réxime de seguridade social establecido para os militares profesionais que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal.

O Ministerio de Defensa establecerá o procedemento para compensar, na súa totalidade, as cotizacións correspondentes á Seguridade Social durante os períodos de formación militar básica e específica dos aspirantes e de formación continuada dos reservistas, nos supostos en que estes continúen en situación de alta no réxime da Seguridade Social a que estiveren adscritos.

#### Artigo 45. *Dereitos e deberes de carácter económico.*

Os reservistas voluntarios terán os dereitos e deberes económicos que se recollen no Regulamento de retribucións do persoal das Forzas Armadas e no Real decreto sobre indemnizacións por razón do servizo que se encontren en vigor, segundo o establecido no artigo 37.

En todos os supostos de incorporación previstos neste regulamento, os aspirantes á obtención da condición e os reservistas voluntarios terán dereito a efectuar por conta do Estado as viaxes de ida e regreso, para o cal se lles expedirá o preceptivo documento expedido pola autoridade militar correspondente, co que obterán o título de viaxeiro para realizar as ditas viaxes. Para o persoal residente no estranxeiro, a localidade de orixe será o punto de entrada en territorio nacional.

### CAPÍTULO III

#### **Reservistas de especial dispoñibilidade**

#### Artigo 46. *Adquisición da condición de reservista de especial dispoñibilidade.*

1. Adquiren a condición de reservistas de especial dispoñibilidade os militares profesionais que voluntariamente o soliciten ao finalizaren os seus compromisos de longa duración e acrediten ter cumprido, cando menos, dezaioito anos de servizos, de conformidade co disposto na Lei 8/2006, do 24 de abril, e na disposición transitoria quinta da Lei 39/2007, do 19 de novembro.

2. As solicitudes cursaranse, a través da unidade de destino, ao xefe de Estado Maior que corresponda ou ao subsecretario de Defensa e serán resoltas por estes mediante publicación da correspondente resolución no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa», na cal deberán figurar as unidades de destino para incorporación en caso de activación e a Subdelegación de Defensa da que pasen a depender.



*Artigo 47. Réxime do reservista de especial dispoñibilidade.*

1. En situación de dispoñibilidade non terá a condición militar. Cando sexa activado para prestar servizo e se incorpore ás Forzas Armadas, recuperará a condición militar, manterá o emprego, a antigüidade e a especialidade que tiña no momento de finalizar o seu compromiso de longa duración e estará suxeito ao mesmo réxime que manteñen os militares profesionais cunha relación de servizos de carácter temporal.

2. Os reservistas de especial dispoñibilidade da categoría de tropa e mariñeiría percibirán a asignación por dispoñibilidade na contía e condicións previstas no artigo 19.1 da Lei 8/2006, do 24 de abril. Os reservistas de especial dispoñibilidade da categoría de oficial percibirán unha asignación por dispoñibilidade de 1,9 veces a correspondente aos militares de tropa e mariñeiría.

3. Os reservistas de especial dispoñibilidade manterán, se o solicitan, unha especial relación coas Forzas Armadas, mediante a súa adscrición á unidade, centro ou organismo do Ministerio de Defensa que elixan, logo de conformidade dos mandos ou xefe de persoal.

4. Os reservistas de especial dispoñibilidade poderán asistir a actos e cerimonia militares nos que a dita unidade participe, usar o uniforme en actos militares e sociais solemnes e dispor da correspondente tarxeta de identificación militar.

5. As solicitudes que poidan exercitar cursaranse a través das Subdelegacións de Defensa das que dependan, onde, ademais, se lles facilitará o acceso a información sobre prestacións ás que teñen dereito e sobre outros asuntos que poidan ser do seu interese.

6. En situación de dispoñibilidade terán os dereitos e obrigacións previstos no artigo 19 da Lei 8/2006, do 24 de abril, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria quinta da Lei 39/2007, do 19 de novembro, para os militares de complemento da Lei 17/1999, do 18 de maio. Cando sexan activados, seranlles aplicables os dereitos de carácter laboral e de seguridade social que para os reservistas voluntarios se prevén neste regulamento.

*Artigo 48. Activación e incorporación de reservistas de especial dispoñibilidade.*

1. Corresponde ao Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, autorizar a incorporación de reservistas de especial dispoñibilidade para prestar servizos nas Forzas Armadas e habilitar os créditos que se precisen para financiar o custo das incorporacións.

2. A autorización deberá especificar a contía e as características dos efectivos a incorporar, o prazo para efectuar as incorporacións e o tempo máximo de permanencia na situación de activado.

3. Atendendo á autorización de incorporación, os xefes de Estado Maior, no seu ámbito respectivo, proporán ao ministro de Defensa a relación do persoal a incorporar aos seus correspondentes destinos.

4. As Subdelegacións de Defensa notificarán aos reservistas de especial dispoñibilidade a data e o lugar en que deberán incorporarse, sen que entre a notificación e a data de incorporación poida mediar un prazo inferior a quince días.

5. Os reservistas de especial dispoñibilidade incorporaranse aos seus destinos unha vez superado o recoñecemento médico obrigatorio, no cal lles serán de aplicación os cadros de condicións psicofísicas do vixente regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas.

6. A non incorporación para prestar servizos nas Forzas Armadas, unha vez autorizada, levará consigo a apertura dun expediente para verificar as causas que a motivan. Salvo que conorra causa de forza maior, a non incorporación suporá a perda da condición de reservista de especial dispoñibilidade e a baixa no réxime especial de Seguridade Social das Forzas Armadas, se voluntariamente estiver de alta no Instituto Social das Forzas Armadas.

Artigo 49. *Perda da condición de reservista de especial dispoñibilidade.*

1. A condición de reservista de especial dispoñibilidade, agás o expresado no artigo 48.6, manterase ata cumprir os 65 anos de idade, a non ser que o interesado renuncie a ela, ou que con anterioridade a esta idade fose declarado en situación de incapacidade total, absoluta ou grande invalidez ou que adquirise a condición de pensionista por xubilación ou retiro.

2. As solicitudes de renuncia cursaranse, a través das Subdelegacións de Defensa, aos xefes de Estado Maior.

3. As resolucións de baixa publicaranse no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» e deberán ser comunicadas aos afectados polo subdelegado de Defensa do que dependan.

## CAPÍTULO IV

### Reservistas obrigatorios

Artigo 50. *Declaración xeral de reservistas obrigatorios.*

De non quedaren satisfeitas as necesidades da defensa nacional coa incorporación ás Forzas Armadas de reservistas voluntarios e de especial dispoñibilidade, o Consello de Ministros solicitará do Congreso dos Deputados autorización para a declaración xeral de reservistas obrigatorios.

Artigo 51. *Determinación do número de efectivos.*

1. Obtida a autorización do artigo anterior, o Goberno, mediante real decreto, establecerá as normas para a execución das actuacións que comporta a declaración xeral de reservistas obrigatorios, que afectará todos os españois, homes e mulleres, que no ano cumpran unha idade comprendida entre dezanove e vinte e cinco anos.

2. As administracións públicas prestarán a colaboración necesaria para elaborar as listas correspondentes, proporcionando os datos que se requiran. A xestión desta información realizarase conforme a lexislación sobre regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal.

3. A Subsecretaría de Defensa implantará un sistema informático susceptible de recibir e de tratar os datos que lle proporcionen as administracións públicas para a elaboración das listas dos potenciais reservistas obrigatorios e determinará o procedemento para dirixir e xestionar os correspondentes procesos de selección, que conterà, cando menos, o seguinte:

a) Sobre a base e estrutura que permite a execución do proceso continuo de selección a que fai referencia o artigo 61 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e en función do número de reservistas obrigatorios que se precise incorporar, os medios humanos e materiais necesarios.

b) Os prazos para a elaboración das listas de potenciais reservistas obrigatorios.

c) Tendo en conta as normas a que fai referencia o número 1 anterior, a data límite para ditar a resolución do subsecretario de Defensa do número 6 deste artigo.

4. Elaboradas as listas, as Subdelegacións de Defensa notificarán, a cada un dos afectados da súa área xeográfica de responsabilidade, a súa condición de reservista obrigatorio potencial e remitiralles unha ficha cos datos de identificación así como un cuestionario, cuxa presentación ten carácter voluntario, no cal figurará, cando menos, o seguinte:

a) Declaración de datos esenciais de saúde e estado físico, que poderá devolverse acompañada dos certificados médicos acreditativos.

b) Preferencia para prestar servizo no Exército de Terra, na Armada ou no Exército do Aire, e dentro destes, en unidades da Forza ou do Apoio á Forza ou en organizacións con fins de interese xeral.

c) De ser o caso, declaración de obxección de conciencia de conformidade co disposto no artigo 54.

5. Os potenciais reservistas obrigatorios, unha vez cuberta a ficha e, de ser o caso, o cuestionario, coas alegacións que consideren oportunas, remitiranos á Subdelegación de Defensa nun prazo non superior a quince días.

6. Recibida a información dos afectados, as Subdelegacións de Defensa procederán á introdución dos datos no sistema informático, cuxo procesado finalizará mediante resolución do subsecretario de Defensa na que se determine o número e a identidade dos reservistas obrigatorios susceptibles de seren activados para prestar servizo nas Forzas Armadas, con indicación do Exército en que prestará servizo, e en organizacións con fins de interese xeral para a defensa.

#### Artigo 52. *Notificación da condición de reservista obrigatorio.*

1. Notificarase a cada interesado a súa condición de reservista obrigatorio e a súa obrigación de permanecer en disposición de incorporarse para prestar servizo nas Forzas Armadas, ou nas organizacións con fins de interese xeral para a defensa, cando sexan activados, e de comunicar, para estes efectos, os seus cambios de residencia ou domicilio aos subdelegados de Defensa.

2. Recibida a notificación, os interesados poderán alegar as causas que, ao seu parecer, lles permitan suspender a súa incorporación, de entre as previstas no artigo seguinte.

#### Artigo 53. *Suspensión da incorporación de reservistas obrigatorios.*

1. Para a súa preceptiva resolución, a solicitude da suspensión da incorporación dos reservistas obrigatorios realizarase mediante instancia documentada das circunstancias que xustifican a suspensión e que deberá dirixirse á Subsecretaría de Defensa, cursada a través das Subdelegacións de Defensa das que dependan. As resolucións ditadas polo subsecretario de Defensa nas peticións que poidan presentarse fixarán o prazo máximo polo que poderá estenderse a suspensión.

2. De ser o caso, a renovación da suspensión da incorporación efectuarase por instancia do interesado nos mesmos termos do número anterior.

3. A suspensión da incorporación dos reservistas obrigatorios poderase producir por calquera das seguintes causas:

a) De carácter persoal e familiar:

1.º Por ser necesaria a concorrencia do reservista ao sostemento familiar.

2.º Por padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica, conforme coa normativa vixente, sobre aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas.

3.º Por enfermidade grave de parentes en primeiro grao de consanguinidade ou afinidade e que estea ao seu coidado.

b) De carácter profesional:

1.º Por ser militar profesional das Forzas Armadas.

2.º Por ser reservista voluntario con compromiso en vigor.

3.º Por pertencer ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

c) De xénero e doutra índole: por embarazo ou parto, por encontrarse en período de lactación, ou gozando do correspondente permiso de maternidade ou de paternidade.

Artigo 54. *Obxección de conciencia dos reservistas obrigatorios.*

Os reservistas obrigatorios poderán efectuar declaración de obxección de conciencia a prestar servizo nas Forzas Armadas e noutras organizacións con fins de interese xeral nas cales se requira o emprego de armas. Esta declaración, efectuada polo interesado, non precisará ningún outro trámite de recoñecemento.

A declaración de obxección de conciencia será entregada polo interesado na Subdelegación de Defensa de que dependa, nun prazo non superior a 15 días desde a recepción da súa notificación como reservista obrigatorio, e nela concretarase a preferencia para prestar servizo nos postos específicos das organizacións con fins de interese xeral para a defensa que non requiran emprego das armas.

Artigo 55. *Incorporación e activación de reservistas obrigatorios.*

1. Tras a aprobación do real decreto sobre normas para a execución das actuacións que comporta a declaración xeral de reservistas obrigatorios a que se refire o artigo 51.1, o Consello de Ministros, mediante sucesivos reais decretos, establecerá o calendario de incorporación destes reservistas e irá concretando a súa aplicación con criterios obxectivos por anos de nacemento, a todo o conxunto ou a un número determinado, conforme as necesidades que defina o Ministro de Defensa.

2. De conformidade coa resolución do subsecretario de Defensa do artigo 51.6, os xefes de Estado Maior correspondentes designarán os centros de formación dos militares de tropa e mariñeiría que sexan necesarios para a activación e incorporación de reservistas obrigatorios.

3. Cando se acorde a incorporación dos reservistas obrigatorios, os subdelegados de Defensa notificaránlles a data e o centro de formación designado polo Exército de Terra, a Armada ou o Exército do Aire onde deberán efectuar a súa presentación, nos termos previstos nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Ao se incorporaren, os reservistas obrigatorios asinarán un documento de incorporación ás Forzas Armadas, segundo o modelo normalizado aprobado polo ministro de Defensa, e adquirirán desde ese momento a condición militar, salvo o previsto no artigo 58.

5. As Subdelegacións de Defensa expedirán os documentos necesarios para a incorporación dos reservistas obrigatorios aos centros de formación.

6. Nos mesmos termos previstos no número 2 deste artigo e para que efectúen a súa incorporación e presentación, aos reservistas obrigatorios que se declaren obxectores de conciencia notificaráselles a data e as organizacións con fins de interese xeral para a defensa que se determinen, para o cal lles serán expedidos os correspondentes documentos.

Artigo 56. *Formación e asignación de destinos.*

1. Os centros de formación serán responsables de recibir os reservistas obrigatorios que se incorporen, de efectuar os recoñecementos médicos, as probas psicológicas e físicas e de determinar as aptitudes que permitan identificar a súa adecuación ás diferentes áreas e tarefas dentro das Forzas Armadas.

2. Os xefes de Estado Maior establecerán os plans de formación para os reservistas obrigatorios en función das súas propias necesidades. Para a asistencia aos períodos de formación que se establezan, de ser o caso, ás mulleres reservistas obrigatorias seranlles de aplicación as medidas de protección da maternidade que se establecen no artigo 15.

3. Os mandos ou xefe de persoal, durante a estadía dos reservistas nos centros de formación, tendo en conta o previsto no número 1 deste artigo, as manifestacións de preferencias dos interesados e as súas alegacións, así como as necesidades do seu respectivo exército, asignarán aos reservistas obrigatorios os destinos correspondentes nas unidades da Forza ou do Apoio á Forza.

Artigo 57. *Réxime de persoal dos reservistas obrigatorios.*

1. Os reservistas obrigatorios, ao se incorporaren ás Forzas Armadas, quedarán na situación de activados e terán a condición militar co emprego de soldado ou mariñeiro. Deberán cumprir as regras de comportamento do militar e estarán suxeitos ás leis penais e disciplinarias militares.

2. Ao cesaren na súa situación de activado, manterán a condición de reservista obrigatorio conforme as normas establecidas polo real decreto a que se refire o artigo 51.1.

3. Aos reservistas obrigatorios seralles de aplicación o mesmo réxime económico que o dos reservistas voluntarios activados da categoría de tropa e mariñeiría e aplicaráselles o mesmo réxime de seguridade social que aos militares profesionais que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal.

Artigo 58. *Réxime dos reservistas obrigatorios que non teñan a condición militar.*

1. Os que se incorporen a organizacións con fins de interese xeral para a defensa terán o réxime que corresponda á prestación voluntaria de servizos nas ditas organizacións e non terán a condición militar.

2. A prestación de servizos por clérigos, relixiosos e ministros confesionais, en xeral, axustarase aos acordos ou convenios de cooperación coas igrexas, confesións e comunidades relixiosas, se os houber.

Artigo 59. *Cesamento na condición militar do reservista obrigatorio.*

1. Os reservistas obrigatorios perderán a súa condición militar ao finalizaren a súa activación nas unidades das Forzas Armadas. Esta data non poderá ser, en ningún caso, superior ao tempo máximo de permanencia na situación de activado que determine o Consello de Ministros.

2. Durante o período de activación, os reservistas obrigatorios perderán a condición militar polos seguintes motivos:

a) Condena por delito doloso ou imposición de pena incompatible coa incorporación para prestar servizo nas Forzas Armadas.

b) Perda das aptitudes e condicións determinadas ao acordarse a incorporación, cando non sexa posible asignárselle outro destino.

c) O día 31 de decembro do ano en que cumpra 25 anos de idade.

## CAPÍTULO V

### Recursos

Artigo 60. *Recursos, prazos e solicitudes.*

1. Contra os actos e resolucións que se adopten en exercicio das competencias atribuídas neste regulamento poderase interpor recurso de alzada ante o órgano superior xerárquico de quen os ditou.

2. Contra os actos e resolucións adoptados en exercicio das competencias atribuídas neste regulamento polo Consello de Ministros e polo ministro de Defensa que non sexan resolución dun recurso de alzada, poderá interporse recurso de reposición, con carácter potestativo, previo á vía contencioso-administrativa.

3. Nos procedementos en materia de formación, ascensos, destinos e situacións cuxa concesión deba realizarse por solicitude expresa, se a Administración non notificar a súa decisión no prazo de tres meses ou, de ser o caso, no establecido no correspondente procedemento, considerarase desestimada a solicitude, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa.

4. Con independencia do establecido neste regulamento, as solicitudes que puideren realizar os interesados tamén se poderán presentar ante os organismos a que se refire o artigo 38.4 da referida Lei 30/1992, do 26 de novembro, así como, de ser o caso, polos medios electrónicos establecidos pola Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.